



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES 3X3 BALONCESTO CONCELLO DE ORDES

| | |
|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Data | 8, 9 e 10 agosto 2019 |
| Lugar | Pista Multideporte (Campo da feira) * En caso de choiva Pavillón Campomaior |
| Horario | Unha vez se coñeza o número de equipos participantes |
| Categorías | - De 13 a 17 anos - 18 anos ou máis |
| Inscrición | Ata o 17 de xullo - Presencialmente no departamento de Deportes, 1º andar - A través do email benito.lorenzo@ordes.gal |

- 1.- Xogarase a toda a pista (dúas canastras).
- 2.- O tipo de formato de competición e horarios serán definidos pola organización unha vez coñecidos o número de equipos participantes.
- 3.- Os equipos estarán formados por cinco xogadores, dos cales dous comezarán coma suplentes. Sempre se encontrarán xogando en pista alomenos dous xogadores que nalgún momento estiveran empadroados no Concello de Ordes.
- 4.- Cada equipo deberá nomear un capitán que será o representante único.
- 5.- Cada partido será a 21 puntos con 2 de vantaxe e terá unha duración máxima de 10 minutos. Ao fin do tempo gañará o equipo que vaia por diante no marcador.
- 6.- No caso de que o partido remate en empate, lanzaranse tres tiros libres por tres xogadores distintos, gañando o equipo que máis enceste. Se unha vez feito isto persiste o empate continuarase lanzando ata que un xogador dun dos equipos erre, habendo encestado o xogador do outro equipo. Cada xogador non poderá volver a lanzar nos sistemas de desempate mentres non lancen todos os xogadores do equipo.
- 7.- Cada canastra vale un punto, excepto aquelas conseguidas dende fóra da área marcada de cor gris.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- 8.- A primeira posesión será sorteada.
- 9.- Os cambios realizaranse unha vez solicitados ao árbitro e co xogo e o tempo parado.
- 10.- Será considerado como se o balón saíse fóra cando golpee a reixa perimetral, sacándose de fóra de banda no lugar onde golpease o balón.
- 11.- As loitas supoñen sempre posesión para o equipo que defendía.
- 12.- As faltas sacaranse sempre de banda, a partir da quinta falta de equipo todas as restantes sancionaranse cun tiro libre que terá un valor de dous puntos.
- 13.- Os xogadores serán eliminados ao cometer a súa quinta falta persoal.
- 14.- As faltas antideportivas ou graves sancionaranse con un tiro libre que terá un valor de dous puntos e posesión para o equipo que recibiu dita falta, poñendo o balón en xogo dende a banda a altura da liña divisoria.
- 15.- O xogador que cometa dúas faltas antideportivas ou graves, ou participe en liortas, será automaticamente expulsado do torneo.
- 16.- O equipo que se retrase máis de cinco minutos respecto ao horario de inicio do partido será penalizado coa perda do partido, cun resultado en contra de 21 a 0 puntos.
- 17.- As dúbidas en calquera xogada ou lance do xogo serán resoltas polos árbitros e pola mesa de control.
- 18.- Todo o non previsto nas presentes bases, resolverase de acordo co regulamento da Federación Española de Baloncesto.
- 19.- A inscrición en dito torneo supón a aceptación das presentes bases.